

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN COMITÉ ESPAÑOL DE LA UNRWA (UNRWA ESPAÑA) PARA O PROXECTO "MELLORA DO BENESTAR PSICOSOCIAL DA POBOACIÓN INFANTIL E MOZA DESPAZADA NOS REFUXIOS DE UNRWA TRAS A ESCALADA DE VIOLENCIA INICIADA EN OUTUBRO 2023 NA FRANXA DE GAZA"

(1) A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Unha das prioridades establecidas na Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, é o ámbito da acción humanitaria de emerxencia.

O V Plan Director da Cooperación Galega 2023- 2026 recoñece coma un dos ámbitos estratéxicos da cooperación galega, a promoción do exercicio dos dereitos sociais básicos, como a saúde, a educación, alimentación, hábitat y auga y saneamento básico.

(2) Antecedentes: UNRWA España é o primeiro comité constituído en 2005 para apoiar o traballo de UNRWA, principalmente en actividades de sensibilización e captación de fondos en España. Para permitir a realización do apoio mencionado, UNRWA e UNRWA España asinaron un acordo de cooperación o 9 de xullo de 2005, actualmente vixente, polo cal as contribucións realizadas polas Comunidades Autónomas de España e asignadas a UNRWA derivadas do acordo previamente mencionado, serán recoñecidas como contribucións obtidas por UNRWA España en beneficio das operacións levadas a cabo por UNRWA, do que se deriva a súa capacidade técnica e loxística necesaria para a óptima execución da intervención proposta.

(3) Finalidade Establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Presidencia,



Xustiza e Deportes e a entidade Asociación Comité Español de la UNRWA para a execución do proxecto "Mellora do benestar psicosocial da poboación infantil e moza desprazada nos refuxios de UNRWA tras a escalada de violencia iniciada en outubro de 2023 na franxa de Gaza".

(4) O convenio ten por obxecto contribuír a través de "Asociación Comité Español de la UNRWA" a garantir o dereito á educación e á saúde mental da poboación que se atopan nos refuxios de UNRWA na Franxa de Gaza, en particular asegurando o acceso dos menores e mozos en idade escolar que se atopan nestes refuxios de UNRWA na Franxa de Gaza a unha contorna segura e de protección, no que se lles facilite apoio psicosocial e a realización de actividades recreativas, mellorado o seu benestar durante o conflito.

(5) A especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e, e as partes son conscientes de que é preciso xuntar esforzos e establecer estratexias que dean resposta ás necesidades e os dereitos da poboación refuxiada na fraxa de Gaza.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 50.000 € (cincuenta mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.07.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE
Jesús Gamallo Aller

